Sumario

Introdución 2

Cumprimento dos obxectivos do proxecto 2

Horario real da persoa encargada da Biblioteca 3

Actividades desenvolvidas. 4

De animación e promoción da lectura 4

De formación de usuarios e educación documental 9

Publicacións da Biblioteca 11

De xestión, adecuación e acondicionamento dos espazos 12

Grao de implicación do centro e da comunidade educativa e contribución da biblioteca á adquisición das competencias 13

Actividades de formación. 14

Materiais producidos 15

Avaliación 15

Previsión de futuro 16

Introdución:

A biblioteca "Florencio Delgado Gurriarán" do Ceip Condesa de Fenosa do Barco de Valdeorras (Ourense) participa neste Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dende a súa terceira edición, neste curso académico co proxecto **"historias lidas, historias vividas"** e a nosa pretensión é continuar nesta andaina dada a importancia que o noso centro concede ao impulso da lectura e da alfabetización en información.
A nosa biblioteca tense convertido, tras anos de traballo, nun importante elemento de dinamización educativa que conta coa implicación dunha boa parte do profesorado na realización das súas actividades.
A nivel local sinalar que a nosa vila, O Barco de Valdeorras, conta con outros dous centros educativos (Ceip Julio Gurriarán e IES Lauro Olmo) adscritos ao Plan de Mellora, o que supón a metade dos centros educativos da localidade.
Este interese educativo pola dinamización das bibliotecas non se correspondía co desleixo da xestión municipal da biblioteca pública. Afortunadamente neste último ano esta apatía no funcionamento da biblioteca pública está cambiando e se comeza a ver, grazas ás iniciativas da dinamizadora da biblioteca, unha política de apertura bibliotecaria, de procura de lectores, de propostas de colaboración coas bibliotecas escolares do concello que resultan indicadores esperanzadores dun cambio de actitude que ha permitir maiores graos de efectividade no noso labor.
En canto á biblioteca do centro sinalar que neste ano, e debido ás obras de ampliación do colexio, puidemos duplicar a superficie da biblioteca, cumpríndose a vella reivindicación da ampliación. Arestora 100 m^2 divididos en dous espazos permiten un uso máis axeitado do servizo, sen aglomeracións e podendo utilizar os distintos espazos en función da actividade que se queira facer.

Cumprimento dos obxectivos do proxecto

En xeral teremos que facer unha valoración positiva no tocante ao grao de cumprimento dos obxectivos que se suscitaron no noso proxecto para este curso, titulado "historias lidas, historias vividas".
Os obxectivos xerais, a través das actividades realizadas pola biblioteca víronse cumpridos tanto os referidos á realización dun programa de actividades de animación e fomento da lectura, como á formación continuada do profesorado ou a favorecer o deseño de estratexias innovadoras no ensino das linguas e situar á biblioteca como referente tanto como espazo de lecer, fonte de información e lugar de traballo.
Os obxectivos específicos tamén foron acadados nun grao satisfactorio. Así na capacitación do profesorado para a xestión da biblioteca realizáronse sesións nas que se explicou a todo o profesorado os criterios de colocación dos fondos, o uso dos espazos, as normas de uso da biblioteca...
Tamén se elaboraron, dende un grupo de traballo constituído por boa parte dos compoñentes do equipo de apoio á biblioteca, unha serie de webquest e Jclic para desenvolver a competencia no tratamento da información e a competencia dixital.
Realizáronse actividades de exposición, tanto oral como en distintos soportes escritos, cos

traballos de investigación realizados polo alumnado, e, en colaboración co ENL fomentouse a escrita de narracións por parte d@s nen@s do colexio mediante concursos e convocatorias.
O Blog, a Web, e os recursos dixitais en xeral, foron actualizados con regularidade, e fóronse dotando de contidos. Con todo esperamos avanzar moito máis neste campo, tentando unha maior implicación do alumnado no mantemento, na consulta e cos comentarios ás novas anotacións.
Tivemos a oportunidade de acadar obxectivos a maiores dos inicialmente propostos no proxecto. Así podemos falar de que se teñen incorporado un grupo do alumnado ás tarefas de xestión da biblioteca, tanto no servizo de préstamo como na súa atención. Esta incorporación, arestora espontánea, do alumnado inclúese no proxecto para o ano que vén, xa que tentaremos delimitar as súas funcións, engadindo algunhas tarefas de titoría d@s usuari@s máis nov@s dos nosos servizos.

Horario real da persoa encargada da Biblioteca.

O horario de atención da biblioteca por parte do encargado da Biblioteca é o seguinte.

	Luns	**Martes**	**Mércores**	**Xoves**	**Venres**
10:00 a 11:00	Xestión/ Formación de Usuarios.	Xestión/ Formación de Usuarios.	Xestión/ Formación de Usuarios.	Xestión/ Formación de Usuarios.	Xestión/ Formación de Usuarios.
12:00 a 12:30	Préstamos	Préstamos	Préstamos	Préstamos	Préstamos
14:30 a 15:30	Hora Deberes	Hora Deberes	Hora Deberes	Hora Deberes	Hora Deberes
17:00 a 18:00		Os martes conto			

Sinalar que este horario non é un horario exclusivo de biblioteca, xa que a hora de xestión é compartida con labores de xefatura de estudos, a hora de préstamos é no horario do recreo (cambiándose as gardas de recreo por gardas de biblioteca). A hora dos deberes realízase no recreo do comedor, xa que logo, fóra do horario lectivo, e a hora dos martes conto coincide co horario de titorías de pais/nais.
Dadas as necesidades de docentes do noso centro, non se poden conseguir un horario regular con máis horas de dedicación ás tarefas de biblioteca.
Sería de desexar que no catálogo de postos de traballo tivesen incidencia as necesidades horarias para manter un servizo de biblioteca no centro e así contarmos coa posibilidade de adicar máis recursos ao mesmo.

Actividades desenvolvidas.

De animación e promoción da lectura:

Préstamo: Unha das actividades básicas da biblioteca e que, en moitos casos, mesmo chegamos a esquecela á hora de facer unha memoria das actividades. Durante este ano académico realizáronse préstamos ao alumnado no horario de recreo (de 12:00 a 12:30 h.) e tamén durante a hora dos deberes e do relax, na hora de recreo tralo comedor. Seguimos tendo unha, consideramos nós, boa cantidade de empréstamos realizados (un total de 6282 dende setembro a finais de maio), na liña de anos precedentes, e tal como se pode observar nas estatísticas xuntas a este apartado.



O préstamo vai acompañado de actividades como a da recollida diaria dos libros de infantil e 1º ciclo, actividade realizada na primeira hora da mañá, e que serve para lembrar ao alumnado a posibilidade de facer préstamos no recreo.

Plan de lectura silenciosa sostida: Este ano por vez primeira desenvolveuse no centro un plan de lectura silenciosa sostida. Basicamente trátase de coincidir diariamente todo o colexio, incluídos mestres, na actividade común da lectura. Para iso reformouse o horario de clases da mañá, reservando os 15 minutos iniciais da xornada para o PLSS a base de lle quitar cinco minutos a cada unha das clases das sesións de mañá. Durante o PLSS os nenos len libremente o libro da súa elección. Non se realizan probas sobre estas lecturas xa que están orientadas cara a adquisición do hábito lector. A existencia deste programa non elimina, senón que complementa, as outras actividades de lectura propias da aula (lecturas colectivas, en alta voz, con preguntas sobre comprensión lectora...).

Elaboráronse uns carteis para as portas para evitar interrupcións durante estes quince minutos. Tamén aproveitamos para poñer música ambiental a través da megafonía interna do centro que fai que o ambiente sexa moito máis agradable de cara á realización da actividade. A valoración de todo o claustro, expresada nas reunións de claustro e ciclos é moi positiva, e a actitude do alumnado tamén corrobora esta mesma valoración.

Clubs de lectura: Por segundo ano consecutivo puxemos en marcha os clubs de lectura en ensino primario, repetindo un éxito de seguimento e de lecturas entre o alumnado do centro. Introducimos cambios que se apuntaran na avaliación da actividade ao remate do curso pasado; así a oferta dos clubs reduciuse ao alumnado de 2º e 3º Ciclo de primaria e realizáronse durante o primeiro e segundo trimestre, co que conseguimos ter dinámicas máis motivadoras e evitamos a perda de lectores que se producen nos meses de calor, cando o patio de recreo (xa que as actividades dos clubs se realizan en horario non lectivo) supón unha forte competencia coas actividades que se realizan no interior do edificio do colexio.
Ofertáronse 11 clubs de lectura que abordaron distintas temáticas * dirixidos por 11 mestres voluntarios (case un 33% do claustro) e aos que acudiron uns 120 alumn@s, cunha pequena maioría de chicas lectoras (73) fronte a 47 nenos.



Como carencias sinalar non poder organizar encontros cos autores, dada a cantidade de autores que se leron(máis de 20 distintos). Tamén sinalar que se ben no ano pasado se gastou unha cantidade considerable na dotación de libros para os clubs, pero este ano aproveitáronse os títulos xa adquiridos, rotándoos entre os distintos clubs.
Como complemento a esta actividade dos clubs o equipo de apoio á biblioteca ten proposto de cara ao ano que vén a creación de clubs de lectura de mestres, co fin,

* Ofertáronse Misterio, terror e aventura, Humor, Lendas e Poesías.

non tanto de establecer clubs de lectura de adultos, senón de valorar a adecuación aos nosos valores e a calidade literaria dos libros que se elixan para os itinerarios lectores no centro e clubs de lectura do alumnado.

Vaille co conto ao profe: Esta actividade realízase na hora do recreo nun currruncho da biblioteca onde está instalada unha mesa de braseiro e dúas cadeiras. Como nunha sala de espera, conta tamén cunha cadeira de brazos para os que queiran oír ou os que esperan a súa quenda de lectura. Na mesa de braseiro instálase un mestre voluntario, seguindo as quendas que marca o equipo de apoio á biblioteca, que se pon en disposición de oír a aquel alumnado que queira ir ler un conto a alguén.
Non se trata dunha clase de lectura, non se corrixe @ nen@ que le, senón que se escoita atentamente a alguén que quere compartir unha historia especial, que lle tocou a súa sensibilidade ou simplemente polo pracer de ler algo a alguén.
Resulta unha actividade interesante que agrada moito aos nenos e nenas do colexio, sobre todo aos de menor idade, e que contribúe a aumentar a confianza en si mesmos, a se integrar na vida do centro e a consolidar o seu gusto pola lectura.

Os Martes... Conto: Hai que subliñar que neste curso esta actividade, por mor das obras de ampliación da biblioteca que impediron comezar ao seu debido tempo, non tivo a continuidade doutros anos, realizándose dun xeito esporádico. Trátase dun horario de apertura da biblioteca para aqueles usuari@s non autónomos (Ensino infantil de 3 e 4 anos) que queiran acudir acompañad@s dos seus pais/nais para realizar un préstamo semanal de libros. Durante a sesión mestres voluntarios contan un conto empregando diversos medios (lectura dun libro, escenificación, monicreques, diapositivas...) e tras o conta contos realízase o préstamo dos libros que queiran levar para a lectura semanal na casa.
O importante desta actividade é sen dúbida a complicidade das familias e o seu compromiso, e quizais por iso, este ano, ao non poder expoñer nas reunións iniciais de curso a actividade debido ao peche da biblioteca nesas datas por mor das obras de ampliación, non callou a actividade entre as familias e non se puido levar adiante. Sen embargo, e de cara ao próximo curso, onde si que poderemos facer uso da biblioteca dende o primeiro día, fomentaremos novamente esta actividade xa que en anos anteriores deu moi bos resultados,. De feito, os lectores con maior número de préstamos nos primeiros anos de primaria son alumn@s que participaron asiduamente neste programa de primeiros contactos coa biblioteca.

Contacontos: Aproveitamos tamén a biblioteca para a realización de múltiples actividades de animación á lectura traídas, en moitos casos, polas editoriais coas que traballamos no centro, ou froito de programas de actividades. Así Kalandraka, Consorcio Editorial Galego ou Xerais/Anaya ou Edelvives, teñen traído as súas

actividades de animación ata o colexio, e máis concretamente á biblioteca. As ciclobibliotecas tamén estiveron no colexio no principio do curso nunha actividade moi interesante onde se xunta animación á lectura e ecoloxía.

Tamén, e é de subliñar, a Biblioteca Pública organizou unha sesión de conta contos con xentes da terceira idade do Barco, que contaron contos da tradición oral aos alumnos do centro. Dicimos que é de subliñar xa que degoirabamos dende hai bastante tempo que a biblioteca pública puidese facer un labor de animación socio cultural do que estaba carente a nosa vila, e que resultaba moi interesante para a dinamización das bibliotecas escolares do concello. Esperemos que de cara ao futuro a colaboración entre as institucións só faga mellorar, co que, de seguro, imos acadar obxectivos máis doadamente do que deica agora.

A caza do tesouro: Actividade lúdica na que, tras unha representación teatral realizada polo profesorado do centro, neste ano unha adaptación do principiño de Saint d'Exupery, fáiselle unha pregunta ao alumnado. Tras a representación @s nen@s saen ao patio a procurar imaxes agachadas da resposta correcta á pregunta realizada na obra de teatro. Evidentemente tamén hai imaxes que non se corresponden coa resposta correcta. Os que encontran a imaxe axeitada cámbiana por un agasallo.
A actividade, como todos os anos resulta moi motivadora para todo o alumnado do centro, sendo un dos eixos da celebración do día do libro.

Lectura compartida: A hora de lectura compartida realízase no recinto da biblioteca polo grupo clase, para o que se lle asigna a cada aula unha hora semanal de reserva de uso da biblioteca. Esta hora foi utilizada principalmente polas aulas de 1º ciclo que acudían á biblioteca para renovar os libros da biblioteca de aula para o PLSS, realizar lecturas colectivas, procuras de información... Noutros niveis educativos o seu uso foi máis esporádico. Con todo valórase como moi positivo o uso da biblioteca como un recurso didáctico máis que o mestre titor pode (e debe) empregar como apoio ao ensino, e tentaremos que o seu uso se estenda como práctica habitual entre todo o profesorado.

Exposicións temáticas: Como en anos anteriores o corredor de entrada á biblioteca converteuse nunha sala de exposicións que foi cambiando ao longo do curso. Realizáronse exposicións de material bibliográfico referido ao samaín e o magosto, ao Nadal, á paz e varias exposicións realizadas coas novidades da biblioteca.
As exposicións fanse coa idea de presentar fondos da biblioteca coa fin de difundir a súa existencia entre @s usuari@s e promover a súa lectura e préstamo. Velaí que empregar a motivación das exposicións temáticas coincidentes coas celebracións do colexio, ou o atractivo das novidades editoriais sexa unha boa maneira de animar á consulta por parte do alumnado e que nos ten dado bos resultados.

Obradoiro de escritura creativa: Aínda que non se realizou o obradoiro rodariano que queriamos montar por problemas de dispoñibilidade de espazos e tempo, e que adiamos para o vindeiro curso escolar, a biblioteca en colaboración co ENDL realizou, co gallo de defuntos e o Samaín, un concurso de contos de medo que foron publicados no Blog da biblioteca. Tamén se realizou un concurso de tarxetas de felicitación do Nadal publicadas na páxina web do equipo de normalización lingüística do centro *, así como unha historia gráfica sobre a biografía de Ramón Piñeiro autor homenaxeado nas letra galegas 2009**.

Quenta Contos: Como actividade previa ao obradoiro rodariano, e como xeito de celebrar o día do libro, a biblioteca colocou unha cazola no seu recinto, onde, o alumnado que así o desexou, puido meter o seu *ingrediente* (personaxe, situación, escenario...) para a fabricación dun conto.
Nos últimos días do curso e ao través do Blog se exporán os ingredientes e se proporá a cada alumno que, ao longo do verán, cree o seu propio conto como comentario á entrada do Blog. Tentaremos así manter vivo o Blog *** durante as

* http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/normalizacion.html
** http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/documentos/normalizacion/ramonpineiro.pdf
***http://condesa.blogaliza.org/

vacacións do verán, xa que á volta das vacacións aqueles contos que fosen colocados no blog serán estudados por un xurado que establecerá premios segundo as idades d@s autores/as.

Lecturas no comedor: para celebramos o día do libro, xunto ao quenta contos, realizamos unha lectura durante a hora do comedor. Así varios profesores do equipo de apoio á biblioteca pasaron polo comedor e ao través da megafonía do mesmo, diron lectura a varios contos mentres o alumnado xantaba, rememorando o que sucedía nos refectorios medievais. A experiencia, xa realizada o curso pasado, volveu dar uns resultados bos, diminuíndo enormemente o ruído ambiental pola actitude receptora do alumnado.

Resulta un xeito orixinal de celebrar o día do libro, que nos retrotrae ao noso pasado e no que participa a práctica totalidade do alumnado do centro, xa que máis do 90% dos nosos alumn@s xantan connosco.

De formación de usuarios e educación documental.

A Olimpíada do saber: Xogo de preguntas que requiren de procuras na internet ou na bibliografía dispoñible na biblioteca para a súa resolución. Desenvolveuse ao longo de 5 semanas presentando cinco papeletas de participación para grupos de 3 alumn@s. As puntuacións acadadas preséntanse semanalmente unha vez rematada a corrección das respostas dos distintos equipos participantes.
Este ano participaron 80 equipos de ensino primario sumando unha participación de 240 alumn@s, e cambiouse un pouco a estrutura da actividade, xa que en ocasións anterioresíanseando pistas para a resolución dun único enigma, mentres que desta volta decidiuse dar unha frase incompleta na que se daba unha única pista por palabra omitida.
Se ben para o alumnado de cursos superiores resultou moi ben, para o alumnado dos primeiros cursos de primaria resultaba bastante dificultoso. É de subliñar o moi interesante traballo realizado polas mestras destes niveis cos alumnos, traballando na clase as procuras na internet, procurando palabras chaves para google, ensinando a procurar os datos nos textos elixidos e, sempre, potenciando o desenvolvemento da autonomía d@s nen@s nas súas actividades.
Deberíamos tratar, pensando en vindeiras edicións, de facer dúas ou tres competicións paralelas, axeitadas ás idades dos participantes para evitar que preguntas acaidas a uns resulten demasiado complicadas para outros niveis.

Formación de usuarios: Este ano realizouse só formación de usuarios durante o final do primeiro trimestre, influído todo polas obras de ampliación da biblioteca. Os contidos que se explicaron foron fundamentalmente de colocación dos fondos nos

novos espazos da biblioteca, o uso de cada unha das salas e normas de uso dos ordenadores e da biblioteca en xeral.
Tamén, e co mesmo fin, entregóuselle ao profesorado no acto de inauguración das obras de ampliación un tríptico-guía da biblioteca con horarios, normas, servizos...
Para o ano que vén esperamos retomar a programación habitual dos contidos explicados en cursos anteriores, dado que xa non teremos que ter limitacións de tempo polas obras e ao xa coñecer as normas de uso e as novas instalacións todo o alumnado.

A hora dos deberes : Durante todo o período do curso de xornada partida (isto é, agás setembro e xuño) a biblioteca abre entre 14:30 (hora de saída do comedor) e 15:30 (hora de entrada ás sesións de tarde). A finalidade deste horario de apertura é o de facilitar un espazo para @s nen@s que queiran realizar as súas tarefas escolares. Grazas á diversificación de espazos que permitiron as obras de ampliación, tamén comparten esta hora alumnado que acode á biblioteca a ler, a xogar (trivial, trivial junior, xadrez, damas...) ou mesmo a navegar en internet.
Dado que a inmensa maioría do alumnado xanta no comedor escolar, esta actividade é aproveitada por unha cantidade moi importante de rapaces.

Procuras do saber: Durante o curso unha boa parte do equipo de apoio á Biblioteca constituíuse como grupo de traballo, deseñando unha serie de recursos informáticos para o desenvolvemento da competencia en información. Así realizáronse unha serie de webquests que se comezaron a aplicar nas clases de informática do terceiro ciclo de primaria. Dúas destas webquests realizáronse como complemento de saídas de estudos polo contorno do colexio, concretamente á cooperativa vitivinícola do Barco e a unha panadaría da localidade, centrándose unha no estudo dos cereais e da elaboración do pan e a outra no referente ao coidado da vide e as áreas de cultivo e denominacións de orixe de Galicia. Existe unha terceira webquest, aínda non rematada, que trata sobre a castaña e o castiñeiro e tamén deseñada como complemento de visitas de coñecemento do contorno, que esperamos poder en breve ofrecer na nosa web.
As outras dúas webquests que se elaboraron tiñan relación coas conmemoracións deste ano 2009, ano da astronomía e ano de Darwin.

Asesoramento bibliográfico aos proxectos de infantil: Neste curso escolar o equipo de ensino infantil do noso colexio decidiu enfrontar o traballo de aula mediante a elaboración de proxectos de traballo. Neste sentido a biblioteca deu a súa colaboración para o traballo das aulas, realizando procuras dentro dos fondos que tratasen os temas traballados en infantil (o sistema solar, o mar e os océanos), e coa adquisición de fondos reclamados polo profesorado da etapa (bibliografía de mamá cabra en primerapersona, cancioneiros do mundo de Kókinos...)

Acceso á internet: Igual que no curso pasado habilitáronse dous equipos informáticos para o acceso á internet na biblioteca. O seu uso, por quendas de 15 minutos, require mostrar o carné por puntos do colexio (sistema de control de comportamento).

O uso que se fai dos ordenadores exclúe a posibilidade de chats, e potenciamos o uso para procura de informacións. De cara ao curso que vén esperamos ampliar o número de postos dispoñibles e, dado que son portátiles, establecer unha rede wifi na biblioteca que facilite a mobilidade.
Tamén de cara ao curso que vén pensamos na creación dunha zona de audiovisuais na zona ampliada neste curso.

Publicacións da Biblioteca

O Barquiño de Papel. Como tódolos anos, este continuamos editando o noso pequeno boletín da biblioteca, tanto en papel como en edición dixital.
Recomendacións de lecturas sobre un tema determinado, novas do colexio, informacións sobre as celebracións escolares, traballos escritos de mestres e alumnos, citas de grandes autores son as temáticas que se abordan dende esta publicación.
Sería de desexar que houbese unha maior implicación na redacción e selección de textos para a revista e que tivese unha periodicidade máis regular. Aínda así podemos considerar como bastante positivo o seu labor, tendo unha boa acollida por parte do alumnado. As recomendacións normalmente compleméntanse coas exposicións temáticas das que xa falamos, co que o efecto animador se multiplica.



Guía da Biblioteca. Este ano elaboramos un tríptico falando da biblioteca, incluíndo servizos, normas de uso, normas e recomendacións, horarios de apertura, etc... Usámola fundamentalmente para información ao profesorado novo no centro e para alumnado de nova incorporación, co fin de facilitarlles a integración nas actividades do centro.
Se ben como experiencia temos que valorala como positiva, recoñecemos que a súa realización técnica non era boa, co que perdeu bastante atractivo que minguou a súa efectividade. De cara ao curso que vén e partindo do tríptico xa realizado, pensamos mellorar a súa presenza e imprimilo en cores e papel de certa calidade.

Blog e páxina Web A páxina Web da biblioteca, así como o blog continuaron funcionando durante este curso, engadindo anotacións e recursos tanto nun como noutro. Sinalar que as webquests realizadas polo grupo de traballo da biblioteca foron subidas á páxina do colexio e compartidas con toda a comunidade do PLAMBE.
Como froito da actividade de estudo da astronomía, realizamos unha wiki

(condesa.wikispaces.com) para fomentar o traballo colaborativo do alumnado mediante a elaboración dunhas biografías dos astrónomos traballados nas webquests, cuns resultados esperanzadores, e que nos animan a explorar no futuro este tipo de proxectos.



Existen algúns aspectos da web que habería que modificar como o acceso ás consultas do catálogo en liña, ou a páxina dos conta contos, que poden ser aspectos a mellorar nos vindeiros anos.
Con respecto do blog temos que procurar a participación do alumnado -aquilo de que un blog florece cos comentarios- e nese sentido nace ese concurso, xa explicado, a partir do quenta contos que coidamos pode resultar de grande interese.

De xestión, adecuación e acondicionamento dos espazos

Ampliación da biblioteca Este ano a máis importante novidade con respecto da biblioteca do noso centro, foi sen dúbida a ampliación do seu espazo. Contabamos no curso pasado cunha aula cunha superficie de 50 m^2, e agora coa ampliación este espazo duplicouse, chegando aos 100 m^2, e isto sendo, como somos, un centro con graves carencias de espazos, aínda tras a ampliación de 5 aulas neste verán.
Grazas a esta ampliación temos os fondos da biblioteca cunha maior accesibilidade para o alumnado, e ademais podemos ter os títulos menos apertados nos andeis, co que se contribúe á súa mellor conservación.

Arestora a biblioteca tal e como está distribuída conta con dúas salas, unha de traballo e outra de lectura informal. Na de traballo encontramos os fondos das distintas siglas da CDU e mesas e cadeiras abondo para o alumnado dunha clase. Na outra sala sofás, mesa de braseiro, toda a literatura de ficción tentan crear un

ambiente distendido para animar a unha lectura relaxada. A ambientación, decoración e dotación están, aínda, só esbozados, polo que en anos futuros teremos que esforzarnos en continuar nesta liña que empezamos este curso.

Sinalización A biblioteca, loxicamente, está organizada seguindo as pautas da CDU, e para facilitar as cousas ao alumnado, os estantes están pintados coas cores dos díxitos da CDU, co que se facilitan enormemente as procuras. Estas pinturas compleméntanse con carteis coas devanditas cores e as temáticas que corresponden ás CDUs colocados no espazo da biblioteca.

Axudantes da biblioteca Aínda que non estaba programado, durante este curso escolar, unha serie de alumnos e alumnas decidiron prestar a súa colaboración nas tarefas de biblioteca, tanto en labores de empréstamos como para recoller e ordenar o mobiliario. Tamén teñen realizado tarefas de axuda aos máis pequenos, conta contos... Pensamos que esta iniciativa espontánea pola súa banda debería ser aproveitada de cara ao curso que vén, tal e como se recolle no proxecto do plambe para o curso 2009-10. Pequenos detalles de organización como establecer quendas, deseñar un distintivo, establecer tarefas variadas e as súas zonas dentro da biblioteca serán os únicos engadidos que se farán para a organización destes voluntari@s da biblioteca.

Grao de implicación do centro e da comunidade educativa e contribución da biblioteca á adquisición das competencias básicas.

A implicación de mestres, alumnado, familias e do equipo directivo do centro hai que a valorar como moi positiva.

1. O alumnado responde participando maioritariamente nas iniciativas que se lle propoñen dende a biblioteca. Hai que sinalar que a participación na maioría de todas estas actividades realízase dun xeito voluntario e sen agardar premios pola mesma, o que dá máis valor a esa participación.
2. Tamén o profesorado, como xa se ten sinalado, participa activamente no desenvolvemento das actividades suxeridas polo equipo de biblioteca, tanto nas actividades puntuais (os martes conto, a procura do tesouro...), como naquelas que requiren un compromiso de traballo ao longo do curso (clubs de lectura, vaille co conto ao profe, a olimpíada do saber..).
   Por outra banda unha maioría do colectivo de mestres aporta as súas suxestións para a mellora das actividades, involúcrase na súa preparación, motiva ao seu alumnado para que tomen parte nas propostas de traballo e pide orientacións bibliográficas para o seu traballo na aula.
   O profesorado tamén se responsabiliza de levar adiante o programa de lectura silenciosa, de actualizar os fondos da biblioteca de aula, de promover a participación nas convocatorias da biblioteca e do ENDL.
   Por todo o comentado anteriormente o nivel de implicación do profesorado resulta evidente, como así dá testemuña a aprobación por unanimidade do proxecto de ampliación da biblioteca e a participación de todo o claustro nos traballos de

reforma e acondicionamento do local.

3. Con respecto ás familias (nais/pais) sinalar que teñen disparidade de niveis de participación. Hai familias que por mor de horarios de traballo ou problemas similares son alleas case por completo á vida do centro, mentres que outras familias participan practicamente en canta actividade se propón, tanto como espectadores como actores das mesmas. Así na actividade dos martes... conto, moitos dos que se prestan voluntari@s para á lectura ou escenificación dun conto son nais/pais que acoden cos seus fill@s, tamén teñen importancia na elaboración dos contos viaxeiros, nas lecturas compartidas nas casas cos empréstamos que fan @s cativ@s... Con todo teremos que tentar atopar canles para a participación daquelas familias con menos predisposición a facelo xa que, aínda que podemos afirmar que temos un nivel de compromiso bastante aceptable das casas, queda moito por andar deica achegarmos a niveis óptimos.
4. Por último comentar o apoio que o equipo directivo fai á biblioteca, tanto económico, superando con creces o 10% do orzamento xeral do colexio que vén reflectido no PXA, como organizativo, promovendo a participación de todo o colexio nas actividades xurdidas da biblioteca, ou loxístico, fornecendo dos materiais necesarios para o desenvolvemento do noso traballo.
   Unicamente sinalar que coa dotación de persoal do centro e as horas de coordinación e gardas que hai que manter, resulta realmente imposible asignar un horario de traballo para a biblioteca. Cremos que este é un problema xeneralizado en todos os centros, pero non por iso debemos calar a necesidade de que nos cadros de persoal se tivesen en conta as necesidades de xestión e dinamización da biblioteca escolar, se queremos que funcione como un verdadeiro centro de recursos para a aprendizaxe.

En canto á adquisición das competencias básicas resulta evidente que a biblioteca e as actividades que propón para a súa realización nas aulas, teñen un importante papel e non só nas competencias relacionadas coa lectura e a escritura.
A competencia no tratamento da información e competencia dixital ou a competencia para aprender a aprender, son traballadas dun xeito cotián na biblioteca.
Cando traballamos a autonomía na procura de documentación e de informacións, cando proporcionamos accesos a internet para realizar as nosas procuras de información estamos, sen dúbida, traballando a adquisición destas competencias.
Durante este curso tanto os alumnos de 3º Ciclo de primaria, como os de ensino infantil, realizaron traballos con proxectos de investigación, nos que a biblioteca colaborou co asesoramento bibliográfico, e que resultan importantes na adquisición e afianzamento de habilidades que concorren ao desenvolvemento das competencias básicas xa aludidas.

Actividades de formación

Como se anunciaba no proxecto do presente curso, os membros do equipo de apoio á biblioteca constituímonos no Cefore do Barco como grupo de traballo para a elaboración de materiais informáticos para a alfabetización informacional. A nosa idea era a de elaborar webquests sobre temas relacionados coas visitas de coñecemento do contorno que temos

programadas anualmente; deste xeito elaboráronse webquests sobre o pan e os cereais(*), e outra sobre a uva e o viño (aínda sen subir á web da biblioteca). En proceso de elaboración temos unha actividade sobre a castaña e os castiñeiros.
Así mesmo, e tendo en conta que este ano é o ano mundial da astronomía (**), así como o ano de Darwin(***), elaboráronse dúas webquests relacionadas cos dous temas.
Tamén membros do equipo de apoio á biblioteca acudiron ao Cefore do Barco de Valdeorras como asistentes a un curso de bibliotecas e do que destacamos as aportacións feitas no mesmo ao desenvolvemento da web 2.0 que suxeriron ideas para activar e facer máis agradable a nosa páxina web e o blog.
Participou tamén persoal da biblioteca nos encontros de bibliotecas e nas xornadas do PLAMBE realizadas en Santiago no ano 2008 e 2009 respectivamente.
Por último sinalar que se relataron as nosas experiencias e iniciativas en distintos cursos de formación (Cefores de Lugo e Ourense, Ceip de Vilamartín de Valdeorras) e nos encontros de bibliotecas realizados en Santiago de Compostela.
A nivel xeral indicar que tras a inauguración da nova biblioteca realizáronse sesións de formación de usuarios co alumnado, ao que acudiu todo o persoal docente do centro que tamén recibiu as indicacións precisas sobre normas de uso, colocación dos fondos, etc...

Materiais producidos

Como xa se ten comentado noutros apartados desta memoria, foron varias as publicacións e materiais informáticos elaborados polo persoal do equipo de apoio á biblioteca:

- Webquest sobre os cereais
- Webquest sobre as castañas (aínda sen finalizar)
- Webquest sobre o viño
- Webquest sobre a historia da astronomía
- Webquest sobre Charles Darwin
- Tríptico-Guía da Biblioteca
- Barquiños de Papel
- Contos murais do Samaín



Avaliación

Para avaliarmos o noso proxecto utilizamos como indicadores fundamentais a participación de mestres e alumnado nas nosas propostas de traballo, e tamén o nivel de satisfacción suscitado polas mesmas. Este nivel valorámolo grazas á avaliación que os equipos de ciclo foron facendo ao longo de todo o curso nas súas reunións.

* http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/webcereais/index.html
** http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/astronomos/index.html
*** http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/darwin/index.html

Temos que valorar, atendendo a eses parámetros, como moi positivo. A participación do alumnado nalgunhas actividades roza a totalidade da matrícula do colexio (olimpíada do saber), e noutros casos máis esixentes no compromiso do alumnado (clubs de lectura) máis da metade do alumnado a quen ía dirixida participou nela. Os empréstamos mantéñense a niveis moi altos, e grazas ao PLSS as bibliotecas de aula renováronse máis que nunca (velaí que os empréstamos a mestres sexan 579).
A valoración que o claustro fixo das actividades promovidas pola biblioteca foi positiva destacando a valoración que todo o colexio fai do PLSS como moi positivo e coadxuvante na adquisición de competencias básicas.

Previsión de futuro.

Se ben xa se apuntaban algunhas necesidades de modificación das actividades expostas nesta memoria en apartados anteriores, consideramos interesante expor nesta memoria as nosas expectativas para o futuro inmediato da biblioteca, centrándonos naquelas que supoñen non unha continuidade de actividades xa postas en marcha, senón unha novidade ou un cambio de rumbo con respecto da actualidade.
Dado que no curso escolar 2008/09 realizouse a ampliación do espazo da biblioteca e, aínda que se traballou arreo na reestruturación do espazo, teremos que completar seccións que arestora só están bosquexadas, ou mesmo, conseguir unha certa mobilidade dos recursos informáticos. Así deberemos novamente axustar espazos (creación dunha zona conta-contos e outra de xogos de mesa tipo trivial), ordenar os existentes (mellora do mobiliario da zona de lectura informal), dotar de equipos a zona de audiovisuais e instalar unha zona wifi no espazo da biblioteca que permita o uso de equipos portátiles sen a limitación espacial dunha conexión por cable.
Como novidade e relacionado coa integración co currículo pensamos organizar clubs de lectura para o profesorado. Os obxectivos que procuramos con esta iniciativa é a de seleccionar as lecturas do alumnado tras un exame rigoroso dos textos, garantindo así que os títulos elixidos para os itinerarios lectores e os clubs de lectura teñan unha mínima calidade, e que a súa temática estea en consonancia cos contidos curriculares traballados no centro.
Tamén sinalar que xa que contamos cunha boa cantidade de alumn@s, de 4º, 5º e 6º curso que se desempeñan moi ben nas responsabilidades de xestión da biblioteca, pensamos que podería ser unha moi boa estratexia que eles vaian asumindo, como axudantes de biblioteca, o ensino das normas da biblioteca ao resto do alumnado ou que realicen funcións de animación cos lectores máis novos. Pensamos que sería positivo acondicionar un espazo cómodo na biblioteca onde, por quendas, estes alumn@s colaborador@s poidan ler contos aos pequenos.
Tamén queremos poñer en marcha definitivamente o club de escritores, que seguindo as liñas metodolóxicas da gramática da fantasía de Rodari estimule a creatividade e, asemade, os aspectos técnicos da narración e a mellora da ortografía do alumnado.
Por último, e en relación co Proxecto Lector de Centro pensamos que se debe acometer unha reforma do documento actual no que se inclúan moitas das actividades que foron xurdindo nos últimos anos, así como introducir as reformas de itinerarios lectores e algunhas actividades alí recollidas.

Vº e Prace
O Director

Asdo.: Francisco Pérez Lemos